

Beneficiario	Número do expediente	Gasto subvencionable (€)	Subvención concedida	
			Importe (€)	Porcentaxe
<i>Kinetika Innovacións Estructurais, S.L.</i>	IN847A-2010-28	19.994,18	11.996,51	60,00%
<i>Level Telecom, S.L.</i>	IN847A-2010-207	23.919,63	14.351,78	60,00%
<i>Luis Calvo Sanz, S.A.</i>	IN847A-2010-196	1.423,70	427,11	30,00%
<i>Megatech Industries Orense, S.L.</i>	IN847A-2010-114	7.400,00	2.220,00	30,00%
<i>Nanogap Sub-Nm-Powder, S.A.</i>	IN847A-2010-30	2.200,00	1.320,00	60,00%
<i>Nanogap Sub-Nm-Powder, S.A.</i>	IN847A-2010-31	2.000,00	1.200,00	60,00%
<i>Nanogap Sub-Nm-Powder, S.A.</i>	IN847A-2010-33	22.548,61	13.529,16	60,00%
<i>Norvento Energía, S.L.</i>	IN847A-2010-129	5.500,00	3.300,00	60,00%
<i>Norvento, S.L.</i>	IN847A-2010-120	8.480,00	5.088,00	60,00%
<i>Promociones y Gestiones del Tambre, S.L.</i>	IN847A-2010-137	3.057,35	917,21	30,00%
<i>Proyestegal, S.L.</i>	IN847A-2010-237	21.138,21	12.000,00	56,77%
<i>Queizuar, S.L.</i>	IN847A-2010-124	4.200,00	2.520,00	60,00%
<i>Regulación Electrónica Viguesa, S.L.</i>	IN847A-2010-150	6.700,00	4.000,00	59,70%
<i>Roberto Verino Difusión, S.A.</i>	IN847A-2010-147	6.856,00	2.056,80	30,00%
<i>S.A. de Obras y Servicios Copasa</i>	IN847A-2010-106	13.200,00	3.960,00	30,00%
<i>S.A. de Obras y Servicios Copasa</i>	IN847A-2010-141	5.160,00	1.548,00	30,00%
<i>Salvamento e Contraincendios, S.L.</i>	IN847A-2010-152	6.500,00	3.900,00	60,00%
<i>Seguridad Alimentaria del Noroeste, S.L.</i>	IN847A-2010-159	6.600,00	3.960,00	60,00%
<i>Sgl Carbón, S.A.</i>	IN847A-2010-139	5.720,70	1.716,22	30,00%
<i>T Y M Ganain, S.L.</i>	IN847A-2010-262	7.000,00	4.200,00	60,00%
<i>Televés, S.A.</i>	IN847A-2010-22	29.709,44	8.912,84	30,00%
<i>Televés, S.A.</i>	IN847A-2010-51	10.800,00	3.240,00	30,00%
<i>Vasco Gallega de Consignaciones, S.L.</i>	IN847A-2010-149	3.300,00	1.980,00	60,00%
<i>Vicaro Confección, S.L.</i>	IN847A-2010-88	10.381,92	6.229,15	60,00%
<i>Viza Automoción, S.A.</i>	IN847A-2010-38	25.408,64	7.622,59	30,00%
<i>Wireless Galicia, S.L.</i>	IN847A-2010-96	6.650,00	3.990,00	60,00%
<i>Wireless Galicia, S.L.</i>	IN847A-2010-110	6.550,00	3.930,00	60,00%
<i>Wireless Galicia, S.L.</i>	IN847A-2010-227	20.000,00	12.000,00	60,00%

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 29 de decembro de 2010 pola que se autoriza o cambio de denominación do centro público de educación e promoción de adultos da Lama na provincia de Pontevedra.

De conformidade co previsto nos artigos 3º.1 e 2º do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, aprobado polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, *Diario Oficial de Galicia* do 9 de agosto, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

DISPÓÑO:

Autorizar o cambio de denominación específica do seguinte centro:

Provincia: Pontevedra.

Concello: A Lama.

Código: 36024720.

Denominación anterior: centro público de educación e promoción de adultos da Lama.

Nova denominación: centro público de educación e promoción de adultos Nelson Mandela.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 21 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social e se procede á súa convocatoria, cofinanciada polo Fondo Social Europeo 2007/2013.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27º.23, asigna á Comunidade Autónoma compe-

tencia exclusiva en materia de asistencia social. Así mesmo, no artigo 33º.2 establécese que lle corresponde o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de Seguridade Social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais para Galicia, establece no seu artigo 31º que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social se promoverá mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, á calidade e ao carácter innovador das prestacións e servizos ofertados, á eficiencia no emprego dos fondos públicos e á súa adecuación aos obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

A Consellería de Traballo e Benestar segundo a estrutura orgánica fixada polo Decreto 335/2009, do 11 de xuño, é o órgano que ten asumidas as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de inclusión social que corresponden á Xunta de Galicia.

De acordo coas directrices comunitarias definidas nos cumios europeos de Lisboa e Niza en materia de protección social no marco de apoio ás políticas destinadas á mellora do emprego e da promoción da inclusión social, elaborouse o II Plan Galego de Inclusión Social desde unha formulación estratéxica, centrada en dar respostas globais e integradas que respondan ás necesidades dos grupos e persoas con maiores desvantaxes sociais.

Un dos principios orientadores na execución das medidas do plan é o enfoque integrado e a implicación do tecido social: preténdese dar cabida dentro do Plan de inclusión as entidades de iniciativa social e as ONG, aumentando así a súa capacidade de acción para loitar contra a exclusión social, sendo esta orde un dos instrumentos para a súa participación.

Hai que sinalar que esta orde se tramita ao abeiro da orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e a Orde do 25 de outubro de 2001 que posibilita a tramitación anticipada de expedientes de gasto, no exercicio anterior ao dos orzamentos, sempre que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de orzamentos do exercicio do ano seguinte aprobados polo Consello da Xunta de Galicia. O dito trámite de aprobación tivo lugar o día 19 de outubro.

A solicitude, tramitación e concesión das subvencións obxecto desta orde axustaranse ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ao do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, atenden-

do, en todo caso, aos principios básicos de publicidade, obxectividade e concorrencia.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, polo Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e polo Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións para o ano 2011 ás entidades de iniciativa social, para a realización de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social, cofinanciada polo Fondo Social Europeo 2007/2013.

Estas accións son elixibles no marco do Programa operativo FSE Galicia 2007/2013 no eixo 2, tema prioritario 71 e cun cofinanciamento do FSE ao 80%.

Artigo 2º.-*Entidades e organizacións solicitantes.*

Poderán ser solicitantes das subvencións reguladas nesta orde as entidades de iniciativa social a que se refire o artigo 30º da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, sempre e cando reúnan os seguintes requisitos:

a) Estar inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, regulado polo Decreto 291/1995, do 3 de novembro, e pola Orde do 5 de febreiro de 1996, que desenvolve o anterior.

b) Carecer de ánimo de lucro. Non obstará para a consideración de carencia de ánimo de lucro o feito de que as ditas entidades perciban contraprestación das persoas usuarias, sempre e cando da análise das súas contas anuais se deduza a non obtención de beneficio.

c) Ter o seu domicilio social en Galicia ou delegación na Comunidade Autónoma.

d) Non atoparse nalgunha das situacións establecidas nos números 2 e 3 do artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Todos os requisitos sinalados deberán cumprirse na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período de execución do programa subvencionado.

Artigo 3º.-*Programas e actuacións subvencionables.*

De acordo cos obxectivos establecidos pola Consellería de Traballo e Benestar no ámbito da inclusión social, e tendo en conta as directrices marcadas pola Unión Europea no marco de apoio ás políticas destinadas a mellora do emprego e da promoción da

inclusión social, esta orde subvencionará os seguintes programas e actuacións:

a) Actuacións que permitan a adquisición e desenvolvemento das habilidades sociais e hábitos prelaborais para dinamizar as capacidades e recursos persoais e sociais (mellora de aptitudes básicas, desenvolvemento persoal, técnicas de busca de emprego, etc.).

b) Actuacións de formación básica e de tipo laboral específica e adaptada ás necesidades dos colectivos en situación de exclusión social que permitan mellorar a súa cualificación socioprofesional.

c) Programas integrais de base comunitaria en zonas rurais que favorezan a inclusión social e laboral de persoas mozas, mulleres e colectivos con dificultades de inserción.

d) Programas integrais de base comunitaria en barrios urbanos que desenvolvan accións preventivas, de intervención, seguimento e titorización para persoas en situación ou risco de exclusión social.

e) Actuacións de acompañamento social, que consistirán na posta á disposición dos usuarios de servizos de apoio persoal e/ou familiar que faciliten o axeitado desenvolvemento de itinerarios de inserción socio laboral.

Artigo 4º.-Financiamento.

Na concesión das subvenciones reguladas nesta orde destínase a cantidade de 615.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.313C.481.6 que figura no proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2011, quedando as resolucións no momento da súa concesión condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria sinalada, unha vez que o dito texto teña carácter definitivo. Así mesmo, todos os actos de trámite dictados no expediente de gasto se entenderán condicionados a que no momento de se ditar a resolución de concesión subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que foron producidos os ditos actos.

A contía citada neste artigo poderá incrementarse de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias e sempre que o incremento derivar dos supostos contidos no artigo 31º.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 5º.-Gastos subvencionables.

1. Serán gastos subvencionables en relación co artigo 3º desta orde os que de seguido se relacionan e axustaranse á orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro, de gastos subvencionables polo FSE e á orde TIN/788/2009, do 25 de marzo, que a modifica:

a) Gastos do persoal necesarios para a execución das actividades.

-Serán subvencionables as retribucións totais correspondentes, incluída a cotización empresarial á

Seguridade Social, segundo a contía establecida na normativa aplicable por xornada real de traballo para os correspondentes grupos profesionais nos seus respectivos convenios colectivos.

-As retribucións de persoal contratado en réxime de arrendamento de servizos, modalidade que terá sempre carácter excepcional, nos casos en que polas especiais características da actividade non resulte adecuada a realización polo persoal suxeito á normativa laboral vixente. Estas retribucións quedarán afectadas polas limitacións sinaladas no parágrafo anterior.

-As axudas de custo e gastos de viaxe tamén se rexerán na súa contía pola normativa establecida nos convenios colectivos, sempre que non superen no seu conxunto o 4% do importe total do programa subvencionado.

b) Gastos correntes consumibles non amortizables necesarios para a realización da actividade.

c) Os gastos xerais serán subvencionados a condición de que correspondan a custos reais de execución da actividade financiada por esta orde e se asignen de forma rateada á operación, de acordo cun método equitativo debidamente xustificado.

d) O aluguer debidamente xustificado. No caso de que este equipamento sexa destinado tamén a outras actividades, procederase como no parágrafo anterior, asignando unha pro rata de acordo cun método equitativo debidamente xustificado.

e) Os gastos dos usuarios participantes nas accións incluirán axudas de custo de desprazamento, remuneracións ou asignacións de participantes. Estas bolsas terán unha contía máxima de 7 euros día/lectivo. Así mesmo, consideraranse subvencionables os gastos derivados dos seguros de accidentes dos alumnos, así como aqueles outros destinados a cubrir contingencias de risco derivadas da actividade subvencionada.

f) *Renting* ou gastos de amortización derivados da adquisición de mobiliario, equipamento, vehículos, infraestruturas, bens inmoebles e terreos, asignados exclusivamente durante a execución da operación e, no caso da amortización, sempre que as axudas públicas non contribuísen á adquisición deles. A amortización calcularase de conformidade coas normas de contabilidade xeralmente aceptadas e o custo referirase exclusivamente ao período subvencionable.

g) Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrados e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionable e os de administración específicos, só serán subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a axeitada preparación ou execución desta. No caso de que estes gastos comprendan tamén custos relacionados con actividades distintas das subvencionadas, deberá reflectirse na xustificación só a parte que proporcionalmente corresponda.

2. Os gastos subvencionados por esta orde deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Que se adecuen aos obxectivos e contidos do programa de traballo subvencionado.

b) Que exista constancia documental da súa realización de xeito que se poidan verificar.

3. As dúbidas ou controversias en relación coa subvencionalidade dos gastos serán resoltas pola Consellería de Traballo e Benestar por propia iniciativa ou por petición de calquera das entidades beneficiarias.

4. Para os efectos previstos nesta convocatoria, está permitida a subcontratación, entendendo por esta a concertación con terceiros da execución parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. O beneficiario poderá subcontratar ata un límite máximo do 50% do importe da actividade subvencionada e deberá xustificar adecuadamente a necesidade dela. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

5. Todo procedemento de contratación deberá respectar os principios de transparencia, publicidade e libre concorrencia, estando os subcontratistas obrigados a facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás actuacións subcontratadas. En especial, e segundo o artigo 29º.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando o importe do gasto que se vai subcontratar supere a contía de 12.000 € no suposto de prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para prestación do servizo, agás no caso de que polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades ou que os gastos se realizasen con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas achegarase na xustificación ou, de ser o caso, na solicitude da subvención, e realizárase de conformidade cos criterios de eficiencia e economía. Este extremo deberá xustificarse expresamente nunha memoria se a elección non recae na proposta económica máis ventaxosa.

Artigo 6º.-*Selección de usuarios.*

Serán beneficiarios dos programas ou actuacións subvencionadas os perceptores da renda de integración social de Galicia, persoas en situación ou risco de exclusión derivadas da rede de equipos de inclusión socio-laboral e, en xeral, persoas afectadas por factores de exclusión identificadas no II Plan Galego de Inclusión Social. Na memoria do programa ou actuación (anexo IV) deberán quedar reflectidos os criterios de selección dos destinatarios e o seu perfil.

Artigo 7º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes de subvención formularanse no modelo publicado como anexo I desta orde, debendo

relacionarse nel todos os programas para os cales a entidade solicita subvención.

A solicitude e maila documentación requirida presentaranse nos rexistros da Xunta de Galicia, sendo de aplicación, en todo caso, o disposto no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada por Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde no DOG.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

3. A solicitude (anexo I) deberá ir acompañada ademais pola seguinte documentación:

3.1. Relativa á entidade solicitante.

a) Fotocopia compulsada do DNI do/a solicitante, no caso de que o interesado non autorice expresamente a comprobación dos datos por medio do acceso telemático ao sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Política Territorial e Administración Pública, copia compulsada do CIF da entidade e documentación acreditativa suficiente para actuar en nome da entidade (escritura de apoderamento ou de constitución ou modificación onde figure o dito nomeamento ou, na súa falta, certificado expedido polo secretario da entidade acreditativo do dito extremo). No caso de entidades que non teñan o seu domicilio social en Galicia, deberase acreditar a existencia dunha delegación na comunidade autónoma para os efectos de xustificar o artigo 2º c) desta orde.

b) Memoria da entidade segundo o modelo (anexo II).

c) Ficha da transferencia e certificación bancaria da conta corrente en que se ingresará, se é o caso, o importe efectivo da subvención concedida segundo o modelo (anexo III).

d) Declaración responsable de non atoparse incurso nalgunha das situacións establecidas no número 2 e 3 do artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 11º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de desenvolvemento da anterior (anexo VII).

e) Declaración das axudas ou subvencións solicitadas, aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou de entes públicos ou privados nacionais ou estranxeiros, ou negativa, se é o caso. Engádesse como modelo orientativo de declaración negativa o anexo VIII, o cal sufrirá as modifica-

cións pertinentes no caso de declaración positiva doutras axudas ou subvencións.

3.2. Relativa aos programas.

a) Programa das actividades que se pretenden realizar (anexo IV). No programa deberanse concretar polo menos os seguintes puntos:

-Denominación de cada programa ou actuación.

-Descrición, fins e resumo do contido de cada programa ou actuación. No caso de acordarse o compromiso de contratación ou de formación laboral a que se refire o artigo 9º.a desta orde, achegarase documento acreditativo asinado pola empresa.

-Perfil e criterios de selección dos destinatarios e número de usuarios previstos. Concretarase, de ser o caso, unha relación nominal das problemáticas dos usuarios que se van atender.

-Período de execución. Localización territorial.

-Metodoloxía e instrumentos que se van a utilizar para o desenvolvemento do programa.

b) Orzamento desagregado por partidas dos gastos previstos, así como dos posibles recursos con que se conte para o seu financiamento (anexo V), e deberá comprender todos os gastos necesarios para o desenvolvemento e viabilidade do programa.

4. Corrección de erros. Os servizos da Secretaría Xeral de Familia e Benestar comprobarán que as solicitudes cumpren co establecido nesta orde e, se é o caso, requirirán os interesados para que no prazo de dez días hábiles emenden as faltas ou acheguen os documentos preceptivos con indicación de que, se así non o fixeren, se terán por desistidos da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

5. De conformidade co artigo 13º.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e nos artigos 6º e 7º.2 d) do Regulamento (CE) 1828/2006 e no previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44º e 45º da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2006, e no artigo 15º.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Traballo e Benestar comunicará ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios e publicará na súa páxina web oficial e no *Diario Oficial de Galicia*, a relación das entidades beneficiarias, o importe das axudas concedidas e demais puntos exixidos na dita normativa. Para estes efectos, o solicitante prestará o seu consentimento expreso no anexo I para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias.

Artigo 8º.-*Tramitación dos expedientes.*

1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, o órgano encargado do Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais dependente da Consellería de Traballo e Benestar emitirá unha certificación relativa das entidades inscritas, para os efectos de comprobar o disposto no artigo 2º.a) e b) desta orde.

2. Os expedientes, unha vez revisados e, se é o caso, completados, remitiranse á comisión de valoración de subvencións, que terá a función de propoñer a aprobación ou denegación das subvencións, segundo os criterios obxectivos recollidos nesta orde.

3. A composición da comisión de valoración de subvencións será a seguinte:

a) Presidente: o subdirector xeral de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais.

b) Vogais: a xefa de Servizo de Inclusión Social e un funcionario adscrito á Subdirección Xeral de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais. Ademais, actuando como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario por proposta do presidente.

4. Para o exercicio das súas funcións, esta comisión poderá obter informes dos servizos técnicos pertinentes, que non terán carácter preceptivo nin vinculante.

5. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algún dos seus compoñentes non puiden asistir, será substituído pola persoa que para o efecto designe o presidente da comisión de valoración de subvencións e, sempre que for posible, o dito nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma subdirección ou servizo que o substituído.

Artigo 9º.-*Criterios de valoración das subvencións.*

O procedemento de valoración terá en conta os seguintes aspectos:

a) A necesidade social do programa en relación á inexistencia de recursos suficientes na zona de desenvolvemento da actividade, os obxectivos que se pretenden acadar en función do contido técnico do programa, así como o seu carácter innovador e, especialmente, aqueles relativos á inserción laboral prevista cando se trate de proxectos de formación para a inserción laboral. Esta inserción será especialmente valorada se está documentada mediante o compromiso por parte dunha empresa, ou ben de contrato de traballo ou ben de realización de prácticas como parte da formación laboral. De non existir o dito documento, este aspecto non será apreciado. Producirá os mesmos efectos a acreditación documental de que a entidade solicitante é promotora ou traballa en coordinación cunha empresa de inserción laboral (EIL) debidamente inscrita no Rexistro

Administrativo de Empresas de Inserción Laboral de Galicia. Ata un máximo de 30 puntos.

b) O número e perfil das persoas usuarias, tanto no que se refire ás súas condicións obxectivas de vulnerabilidade, como especialmente ao feito de seren beneficiarias da renda de integración social de Galicia, serán derivadas dos servizos sociais de atención primaria ou dos equipos de inclusión sociolaboral do II Plan Galego de Inclusión Social. Ata un máximo de 15 puntos.

c) Experiencia na realización de programas de inserción socio-laboral para persoas en situación ou risco de exclusión social, reflectida na memoria da entidade, así como ter xustificado adecuadamente as axudas económicas recibidas con anterioridade (anexo II). Ata un máximo de 10 puntos.

d) Programas integrais de carácter transversal en dous ou máis ámbitos da inclusión social (educación e formación, inserción laboral, acción social, vivenda, sanidade). Ata un máximo de 15 puntos.

e) O cofinanciamento por parte da entidade solicitante no orzamento total do programa ou actuación ou que reciban financiamento doutras administracións públicas ou privadas. Ata un máximo de 5 puntos.

f) A coordinación e cooperación cos servizos sociais, equipos de inclusión sociolaboral do II Plan Galego de Inclusión Social e outras entidades ou axentes sociais participantes. Esta coordinación será especialmente valorada se se estima que complementa as actuacións desenvolvidas por estes equipos no marco do territorio por eles atendido. Ata un máximo de 15 puntos.

g) O emprego da lingua galega na realización de actividades para a cal se solicita a axuda. Ata un máximo de 10 puntos.

A puntuación máxima será de 100 puntos, establecéndose unha contía máxima por cada programa subvencionado de 30.000,00 €.

Criterios de repartición económica do crédito:

O crédito repartirase proporcionalmente en función da puntuación acadada, onde as solicitudes que obteñan unha maior puntuación obterán unha porcentaxe maior de subvención sobre a parte subvencionable do solicitado, a cal excluírá aqueles gastos que non cumpran os requisitos establecidos pola normativa en vigor e os que supoñan duplicidade de recursos e, en especial, aqueles a que se refire o artigo 5º desta orde. Así mesmo, apreciarase a eficiencia e racionalidade do gasto proposto.

Artigo 10º.-*Resolución.*

1. A concesión das subvencións obxecto desta orde será resolta pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar actuando por delegación da Consellería de Traballo e Benestar e unha vez informado pola comisión de valoración e fiscalizada a proposta pola Intervención Delegada. Nunha mesma entidade

poderá recaer a resolución favorable de máis dun programa.

2. As resolucións ditadas serán motivadas e notificaranse aos interesados no prazo máximo de seis meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde. Se vencer o prazo máximo para resolver sen que se ditar resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas peticións por silencio administrativo.

3. As resolucións expresas ou presuntas que se diten ao amparo desta orde, poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse, de ser o caso, recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir da notificación da resolución expresa ou de tres meses a partir do día seguinte do que se produza o acto presunto, ante o mesmo órgano que as ditou, de acordo co previsto no artigo 116º e 117º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a orde xurisdiccional competente, de conformidade co establecido no artigo 46º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde a súa notificación se o acto é expreso, ou seis meses a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, e sen prexuízo de que os interesados poidan executar calquera outro que estimen oportuno.

4. En todo caso, unha vez recibida a resolución da concesión da subvención, a entidade beneficiaria deberá comunicar no prazo de dez días a aceptación da subvención, comprometéndose a executar o programa ou actuación subvencionado no prazo e condicións establecidos na convocatoria. No caso de non comunicar o dito extremo no prazo indicado, entenderase tacitamente aceptada.

5. En aplicación do artigo 25º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe da axuda da proposta de resolución provisional sexa inferior ao que figura na solicitude, poderase instar nun prazo de dez días a reformulación da solicitude para axustar os compromisos e as condicións á subvención concedida e/ou formular as alegacións que se consideren pertinentes. En calquera caso, a reformulación de solicitudes deberá respectar o obxecto, as condicións e a finalidade da subvención, así como os criterios de valoración establecidos e que deron lugar ao seu outorgamento. Así mesmo, a dita reformulación non poderá comprometer o desenvolvemento e viabilidade do programa, polo que se deberán manter aqueles gastos necesarios para o seu correcto desenvolvemento.

6. Todos estes aspectos serán apreciados pola comisión de valoración, quen dará a súa conformidade e remitirá o actuado á Secretaría Xeral de Familia e Benestar, quen ditará resolución, a cal terá carácter definitivo.

Artigo 11º.-*Modificación da resolución de concesión.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas ou subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. Non obstante o anterior, como regra xeral permítese a acumulación de axudas, sempre que o importe total destas non supere o custe total do programa. Este extremo farase constar na resolución de concesión. O sistema de selaxe de orixinais a que se refire o artigo 13º.2 desta orde servirá para estes fins como mecanismo de control da concorrencia de subvencións.

2. Así mesmo, poderá acordarse a modificación da resolución da subvención, por instancia do beneficiario, sempre que se cumpran os requisitos previstos no artigo 35º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, e con carácter excepcional, poderanse efectuar resolucións complementarias fóra do prazo establecido, cando non for posible efectualas dentro del por existiren fondos procedentes de renuncias de subvencións inicialmente concedidas ou doutro tipo de remanentes. Neste caso, salvo que se acuda a unha convocatoria complementaria, non poderán terse en conta outras solicitudes distintas ás consideradas para a resolución inicial.

4. Será de aplicación aos beneficiarios das subvencións recollidas nesta orde o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 12º.-*Obrigas das entidades subvencionadas.*

As entidades que sexan subvencionadas deberán:

a) Acreditar a realización da actividade ou servizo que fundamenta a concesión da subvención, o cumprimento dos requisitos e das condicións desta ante o órgano concedente, mantendo de forma separada na contabilidade os gastos financiados.

b) Facer constar, en todo tipo de publicidade e información relativos aos programas e actuacións concedidos, a condición de subvencionada pola Consellería de Traballo e Benestar e o Fondo Social Europeo 2007/2013, conforme a normativa comunitaria.

c) Informar os alumnos de que as actuacións en que participan están financiadas pola Xunta de Galicia (Consellería de Traballo e Benestar) e polo FSE, así como dos obxectivos dos ditos fondos.

d) O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en con-

correncia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. Para estes efectos, comunicará a obtención de axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera administración pública, de calquera dos seus organismos autónomos, entes ou sociedades tanto públicos como privados, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución dos programas. A comunicación deberá efectuarse en canto se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Adecuar a metodoloxía das actuacións, así como a de recolla e proceso de datos de seguimento de beneficiarios, ás fórmulas que, se for o caso, propoña a Consellería de Traballo e Benestar e, se así é requirido, incorporaranse como usuarios da aplicación informática deseñada e implantada para o II Plan Galego de Inclusión Social. Para estes efectos, a Consellería de Traballo e Benestar asignará á entidade beneficiaria un equipo de inclusión sociolaboral de referencia pertencente ao II Plan Galego de Inclusión Social.

f) As entidades estarán obrigadas ao cumprimento da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal e, en concreto, a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da dita lei. Así mesmo, os datos de carácter persoal dos beneficiarios atendidos incorporaranse ao ficheiro de datos de carácter persoal Inclusión social, creado pola Orde do 24 de xullo de 2008, de creación do ficheiro de datos de carácter persoal dependente da extinta Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

g) Remitir, como mínimo con catro días de anticipación, a data de inicio e remate da actividade, así como o horario, a planificación e o enderezo de realización.

h) Remitir no prazo de dez días os informes e demais documentación que reclamen os órganos competentes da Consellería de Traballo e Benestar.

i) Facilitar toda a información requirida pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

j) Contratar un seguro de accidentes nos programas formativos para os alumnos ou beneficiarios que cubra tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento das actividades como os do traxecto ao lugar onde se impartan as prácticas, de ser o caso.

k) Remitir ao remate da actividade unha ficha rexistro de actividades.

l) Todas aquelas obrigas e requisitos que se desprendan do articulado desta orde e dos artigos 10º e

11º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 13º.-*Pagamento e forma de xustificación das subvencións.*

Respecto á forma de pagamento observarase o disposto na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011, o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na normativa comunitaria de aplicación.

O pagamento das subvencións realizarase segundo se establece a seguir:

1. Poderán realizarse anticipos de pagamento logo de solicitude, xunto coa presentación da certificación do director ou representante da entidade do inicio da actividade, aceptación da subvención e xustificante de ter gastado e pagado á compañía aseguradora a póliza do seguro de accidentes a que se refire a letra j do artigo anterior. A estes anticipos aplicáraselles o disposto no artigo 31º.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ao seu regulamento. Estes anticipos acadarán distintas porcentaxes, dependendo da contía de cada subvención individual concedida: para aquelas axudas que non excedan o importe de 18.000 €, o anticipo acadará a porcentaxe do 50% do importe subvencionable. Se se supera ese importe, a porcentaxe do anticipo será o resultante de aplicar a 18.000 € unha porcentaxe dun 50% e, ao importe que exceda este, un 10% adicional.

2. O importe restante aboarase, en aplicación do artigo 44º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, unha vez realizada a totalidade da actividade subvencionada, e adoptará a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto. Esta conterà:

A. Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

B. Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:

B.1. Relación numerada de facturas con expresión do seu número, acredor, data de emisión, concepto e importe e data de pagamento, acompañada das facturas orixinais que soporten o gasto, ou documento contable de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Así mesmo, no caso de non ter solicitado o anticipo a que se refire o punto anterior, deberá achegarse co primeiro pagamento parcial o xustificante do pagamento do seguro, nos termos establecidos anteriormente. As facturas deberán cumprir o disposto no Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro. Establecerase un sistema de selaxe dos xustificantes de gasto que permita o control da concorrencia de sub-

vencións, con expresión da porcentaxe que se lle imputa, ben a totalidade ou a que lle corresponda. Polo que respecta aos gastos realizados con medios ou recursos propios, documentos acreditativos dos gastos e a indicación dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación. En todo caso, tanto as facturas como calquera documento acreditativo que figure e se acompañe na relación, deberán vir acompañadas dos documentos acreditativos de ter realizados os pagos do correspondente gasto, debendo cumprir os requisitos establecidos no artigo 42º.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aceptándose a xustificación do pagamento mediante recibo do provedor ou beneficiario, no caso de gastos de transporte ou de compensación por montantes satisfeitos con anterioridade polo beneficiario imprescindibles para a realización da actividade, e sempre que o importe non exceda 1.000 €.

B.2. Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. Así mesmo, achegarán o balance de ingresos e gastos, referido ao custo total do programa, segundo o modelo proporcionado no anexo VI, asinado polo presidente ou responsable da entidade, no cal se reflicta que o gasto realizado foi igual ou superior ao importe total da subvención. De existiren outras fontes de financiamento, o importe destas detraerase do gasto total do programa e o resultado da dita operación aritmética deberá coincidir ou superar o importe da axuda subvencionable. En ambos os casos, se non se pode xustificar o gasto da totalidade do programa, minorarase a contía da axuda en igual proporción, sempre e cando da dita minoración no se deduza a non execución da actividade subvencionada nin o non cumprimento dos obxectivos que serviron de base para a concesión da axuda.

B.3. No caso de que se efectuasen gastos subcontratados, en virtude dos puntos 4 e 5 do artigo 5º desta orde, e estes sexan por contía superior a 12.000 €, deberanse achegar os tres orzamentos solicitados para a elección da persoa física ou xurídica finalmente elixida para o desenvolvemento da actividade.

B.4. De existiren remanentes non aplicados derivados do anticipo aboado segundo o número 1 deste artigo, deberase achegar carta de pagamento do reintegro destes, que deberá considerar os xuros de demora.

B.5. Declaración complementaria do conxunto das subvencións solicitadas das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, tanto aprobadas e concedidas como pendentes de resolución, para o mesmo obxecto que corresponde ás subvencións reguladas por esta orde.

3. As actuacións que se subvencionan deberán efectuarse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro

de 2011 e, consecuentemente, os xustificantes de pagamento que soporten as ditas actuacións poderán referirse a custos cuxo devengo corresponda ao dito período. En todo caso, en aplicación do artigo 45°.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a resolución de concesión fixará o prazo de xustificación da subvención, o cal determinará finalmente o período máximo fixado de realización da actividade. Por outra banda, e motivado polos prazos impostos polo peche do exercicio orzamentario, a documentación correspondente a gastos previstos para o mes de decembro ou outros pagamentos que, aínda correspondendo a gastos do exercicio 2011, non poden ser satisfeitos ata datas posteriores, pode ser requirida con anterioridade ao seu pagamento efectivo, na forma que oportunamente se comunique, coa finalidade de ser realizada pola comunidade autónoma o correspondente recoñecemento da obriga. O pagamento da dita contía farase efectivo en futuras datas segundo o establecido nos números 2 e 3 deste artigo. O disposto neste parágrafo aplicarase sempre que non se opoña ao que se estableza na orde da Consellería de Facenda que regula as operacións de cerramento do exercicio 2011.

Artigo 14°.-*Reintegro das subvencións concedidas.*

Para os efectos de reintegro das subvencións, observarase o disposto no título 2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o seu regulamento de desenvolvemento.

1. Non se poderá exixir o pagamento da subvención concedida e procederá o reintegro total ou parcial da contía percibida xunto cos xuros de demora producidos desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro nos seguintes casos:

- a) Incumprimento da obriga de xustificar a realización da actividade.
- b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión.
- c) Incumprimento total ou parcial da finalidade para a cal foi concedida a subvención.
- d) Incumprimento das obrigas sinaladas nesta orde.

2. Igualmente, procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con axudas ou subvencións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

3. A tramitación do correspondente expediente de reintegro levarase de acordo co procedemento establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de

subvencións de Galicia, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. As cantidades que teñan que reintegrar os beneficiarios terán a consideración de ingresos de dereito público e será de aplicación para o seu cobramento o previsto no artigo 14°.4 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de desenvolvemento da anterior, demais do disposto na normativa comunitaria de aplicación.

Artigo 15°.-*Control.*

1. Os beneficiarios someteranse ás actuacións de control que efectúe a Consellería de Traballo e Benestar e as de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, e ás previstas na lexislación do Consello de Contas.

2. Neste sentido, os beneficiarios teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Consello de Contas ou Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

3. Autorizar a verificación dos órganos competentes da Consellería de Traballo e Benestar.

Para verificar o cumprimento do disposto nesta orde, a Consellería de Traballo e Benestar aplicará un sistema de seguimento e control, que consistirá na realización de visitas ás entidades subvencionadas aprobadas para comprobar o grao de cumprimento do destino para o cal foi concedida a subvención, e emitirá o correspondente informe.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase expresamente a secretaria xeral de Familia e Benestar para actuar por delegación da conselleira de Traballo e Benestar na resolución das axudas reguladas por esta orde.

Segunda.-Autorízase a secretaria xeral de Familia e Benestar para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2010.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
 Secretaría Xeral de Familia e Benestar



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS QUE CONTRIBUÁN A FOMENTAR A INCLUSIÓN SOCIAL E A INTEGRACIÓN NO MERCADO DE TRABALLO DAS PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO BS630A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE E DO REPRESENTANTE LEGAL

NOME OU RAZÓN SOCIAL		CIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
NOME DO REPRESENTANTE LEGAL			DNI
CARGO NA ENTIDADE SOLICITANTE		Nº DO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS	

PROGRAMA/ACTUACIÓN PARA A/S CALES SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA/ACTUACIÓN	TIPO DE PROGRAMA/ACTUACIÓN (1)	IMPORTE TOTAL GASTOS	IMPORTE SOLICITADO

(1) Clasificación do tipo de programa/actuación segundo o establecido no artigo 3º desta orde.

DECLARO:

Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que con ela se xuntan, se axustan á realidade. Así mesmo, declaro que se presta o consentimento á Consellería de Traballo e Benestar para que, de acordo cos puntos 3 e 4 do artigo 13º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xuño, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44º e 45º da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos correspondentes a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde, e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse.

(Sinatura do/da representante legal da entidade solicitante)

SI NON

Autorizo a consellería de conformidade co artigo 2º do Decreto 255/2008, do 23 de outubro e a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xuño de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

En cumprimento do disposto no artigo 5º da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informoo/a de que os datos de carácter persoal recollidos nesta solicitude se incorporarán ao ficheiro co nome "Inclusión social", creado pola Orde do 24 de xuño de 2008 (DOG nº 160, do 20 de agosto), para o seu tratamento, coa finalidade de xestionar os servizos de inclusión social, incluído este procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante unha solicitude dirixida á Secretaría Xeral de Familia e Benestar, Subdirección Xeral de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais. Edificio Administrativo de San Caetano, s/n; 15781 Santiago de Compostela e/ou a través do correo electrónico: lopd.inclusion@xunta.es

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 21 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social e se procede á súa convocatoria, cofinanciada polo Fondo Social Europeo 2007/2013.

SINATURA DO/DA REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE SOLICITANTE

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	
REVISADO E CONFORME	

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA
 ___/___/___

DATA DE EFECTOS
 ___/___/___

DATA DE SAÍDA
 ___/___/___

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

Secretaría Xeral de Familia e Benestar

XACOBEO 2010
GaliciaII plan galego de
Inclusión socialFONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"**ANEXO II****MEMORIA DA ENTIDADE****I.- DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

Nome da entidade:

Data de constitución legal:

Área de actuación:

Ámbito territorial:

Número de socios na comunidade autónoma:

Cota anual:

Programas de inserción social e laboral desenvolvidos con colectivos en situación ou risco de exclusión social desde o ano 2001:

Denominación	Ano	Colectivo	Área	Número de beneficiarios/as
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Se a entidade solicitante é unha federación ou confederación, cubrir os datos que a seguir se relacionan:

ASOCIACIÓNS OU FEDERACIÓNS INTEGRADAS

NOME	CIF	DATA DE CONSTITUCIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

II. FINALIDADE DA ENTIDADE

III. CENTROS, SERVIZOS OU ACTIVIDADES QUE DEPENDAN DA ENTIDADE OU QUE ESTA PRESTE

IV. MEDIOS MATERIAIS, RECURSOS HUMANOS E FONDOS DE FINANCIAMENTO

V. OUTROS DATOS



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE TRABALLO
 E BENESTAR
 Secretaría Xeral de Familia e Benestar



XACOBEO 2010
 Galicia



II plan galego de
 inclusión social



FONDO SOCIAL EUROPEO
 "O FSE inviste no teu futuro"

ANEXO III

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA		CIF/DNI	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

NOME DO BANCO	CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	DÍXITO DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e ao número de conta.

Sinatura do solicitante

Sinatura e selo da entidade financeira

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

Secretaría Xeral de Familia e Benestar

XACOBEO 2010
GaliciaIl plan galego de
inclusión socialFONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"**ANEXO IV****MEMORIA EXPLICATIVA DO PROGRAMA OU ACTUACIÓN****1. DATOS DA ENTIDADE**

NOME	<input type="text"/>	CIF	<input type="text"/>
------	----------------------	-----	----------------------

2. CUSTO DO PROGRAMA OU ACTUACIÓN

IMPORTE TOTAL DOS GASTOS	<input type="text"/>	IMPORTE SOLICITADO	<input type="text"/>
--------------------------	----------------------	--------------------	----------------------

3. DENOMINACIÓN DO PROGRAMA OU ACTUACIÓN

<input type="text"/>

4. RESUMO DO CONTIDO

<input type="text"/>

5. PERFIL DOS DESTINATARIOS

<input type="text"/>

6. DESCRICIÓN E FINS DO PROGRAMA

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE SOCIAL	<input type="text"/>
DESCRICIÓN DO CONTIDO	<input type="text"/>
OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN ACADAR	<input type="text"/>
Nº DE USUARIOS DIRECTOS	<input type="text"/>



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE TRABALLO
 E BENESTAR
 Secretaría Xeral de Familia e Benestar



XACOBEO 2010
 Galicia



II plan galego de
 inclusión social



FONDO SOCIAL EUROPEO
 "O FSE inviste no teu futuro"

7. ACCIÓNS INCLUÍDAS NO PROGRAMA E CALENDARIO PREVISTO

ACCIÓNS	DATA INICIO	DATA FIN	LOCALIZACIÓN TERRITORIAL

8. METODOLOXÍA E MEDIOS QUE SE VAN UTILIZAR

METODOLOXÍA

RECURSOS HUMANOS

RECURSOS MATERIAIS

NO CASO DE TER PREVISTA A SUBCONTRATACIÓN DALGUNHA DAS ACTIVIDADES, XUSTIFIQUE O SEU MOTIVO

9. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PROGRAMA

OBXECTIVOS CONCRETOS

INDICADORES

RESULTADOS ESPERADOS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Secretaría Xeral de Familia e Benestar



XACOBEO 2010
Galicia



II plan galego de
inclusión social



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

ANEXO V

ORZAMENTO DA ACTIVIDADE (1)

INGRESOS PREVISTOS		GASTOS PREVISTOS	
De organismos públicos: (detallar organismos e conceptos)		Persoal	
ORGANISMO PÚBLICO	CONCEPTO	- retribucións básicas e complementarias brutas.....	
Estado		- cotas da Seguridade Social a cargo da empresa.....	
Comunidade autónoma		Material	
		- material de oficina non inventariable	
Outras comunidades autónomas		- prensa, revistas e publicacións periódicas.....	
		- material funxible e específico	
Deputacións		- libros.....	
		- fotocopias e reprografía.....	
Concellos		- outros.....	
De institucións privadas: (detallar institucións e concepto)		Xeral	
INSTITUCIÓN PRIVADA	CONCEPTO	- subministracións.....	
		- impostos locais, autonómicos e estatais.....	
		- outros gastos (especificar)	
Doazóns:			
Propios:			
	- por venda de produtos.....		
	- por cotas dos socios.....		
	- por ingresos derivados de actividades de recadación.....		
	- por cobramento de servizos.....		
	- por achegas da asociación ou institución da que dependa...		
INGRESOS TOTAIS		GASTOS TOTAIS	
SUPERÁVIT		DÉFICIT	

(1) Exclúense os gastos de equipamento e outros que poidan ter o carácter de investimento.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

Secretaría Xeral de Familia e Benestar



XACOBEO 2010
Galicia



II plan galego de
inclusión social



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

ANEXO VII

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN SUPOSTOS DE PROHIBICIÓNS PARA OBTEN A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO DE SUBVENCIÓNS, ESTABLECIDOS NOS NÚMEROS 2 E 3 DO ARTIGO 10º DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA.

D./Dª , con DNI nº
 con enderezo en (rúa, localidade, provincia)
 en representación da entidade
 con NIF na súa calidade de

DECLARA:

1. Non ter sido condenado mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
2. Non solicitar a declaración de concurso, non ser declarado insolvente en calquera procedemento, non se achar declarado en concurso, non estar suxeito a intervención xudicial e non ser inhabilitado conforme a Lei concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
3. Non dar lugar, por causa de que fose declarado culpable, á resolución firme de calquera contrato asinado coa Administración.
4. Non estar incursa a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
5. Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
6. Non ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo esta Lei de subvencións de Galicia ou a Lei xeral tributaria.
7. Non estar incurso nas causas de prohibicións previstas nos puntos 5 e 6 do artigo 4º da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

(Sinatura do/da representante legal da entidade solicitante)

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

Secretaría Xeral de Familia e Benestar

XACOBEO 2010
GaliciaIl plan galego de
inclusión socialFONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

ANEXO VIII

D./Dª , con NIF representante legal da entidade con domicilio en e CIF **DECLARA:**

Que esta entidade non ten ningunha axuda solicitada, aprobada ou concedida ou pendente de resolución, para o mesmo programa subvencionado a que se refire a presente solicitude de subvención segundo a Orde do _____ de 2011, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, nin de ningunha entidade privada.

(Sinatura e selo da entidade)

Orde do 30 de decembro de 2010 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión das axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 e os puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais, e se procede á súa convocatoria.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27º.23, asígnalle á comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, inclúe, no seu artigo 3º e), como un dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais, proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a con-

ciliación entre a vida persoal, familiar e laboral e, no artigo 3º i), garantir o apoio ás familias como marco de referencia no que se desenvolven as persoas.

Así mesmo, a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia, establece no seu artigo 15º b) que a Xunta de Galicia promoverá os recursos destinados á atención á infancia, procurando que dispoñan dos medios necesarios para o seu desenvolvemento integral.

O Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar no título I, ámbito competencial e organización xeral da consellería, artigo 1º, recolle, entre outras, como competencias da Consellería de Traballo e Benestar os servizos sociais, incluíndo as políticas de familia e menores.